



Nº Expediente: 2017/C003/000004

Asunto: Contratación de INSTALACIÓN DUNHA PISTA PUMPTRACK

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES “A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES “B: REFERENCIAS TÉCNICAS” PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: INSTALACIÓN DUNHA PISTA PUMPTRACK

Importe de licitación: 65.917,36 IVE incluído (Prezo sen IVE 54.477,16 €; IVE: 11.440,20 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:30 horas do martes 10 de outubro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da “INSTALACIÓN DUNHA PISTA PUMPTRACK”, as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR. S.A.	06/10/2017	5114	Fax anunciando o envío de documentación.
	09/10/2017	5148	Sobres A, B e C
ESTRADAS GALEGAS SINALIZACIÓNS, S.L.	06/10/2017	5118	Fax anunciando o envío de documentación.
	09/10/2017	5145	Sobres A, B e C
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	06/10/2017	5117	Fax anunciando o envío de documentación.
	09/10/2017	5147	Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

Obsérvase a falta de presentación da documentación técnica (sobres B) en formato dixital con sinatura electrónica, conforme dispón o Prego de cláusulas administrativas particulares, das tres empresas licitadoras.

Polo tanto, a Mesa acorda:

1º.- Requirir ás empresas licitadoras a presentación en formato dixital con sinatura electrónica da documentación técnica dos sobres B.

2º.- Á recepción da documentación requirida, solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".

3º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".

3º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:45 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.